

memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1999  
económica social

5

desenvolvemento rexional  
desenvolvemento rexional



## 5.1

# infraestructuras

6 estudo da situación das infraestructuras parte da información facilitada polo INE, o Ministerio de Fomento, o Parque Tecnolóxico de Galicia, Renfe, Aeropertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, os Presupostos Xerais da Xunta, Puertos del Estado, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), a Sepes e o IGE. Unha primeira parte está adicada ó estudo das infraestructuras de transporte, unha segunda parte céntrase no estudo do investimento en materia de infraestructuras hidráulicas e, finalmente, trátase o tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Cómpre salientar que Galicia conta con 29.947 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que fixo necesario un esforzo adicional en infraestructuras.

Como punto de partida do estudo da situación das infraestructuras, o stock de capital neto público territorializado en Galicia ascen-

día en 1994 a 1.674,6 miles de millóns de pesetas, o que supuña o 6,677% do total estatal, mentres o stock neto productivo (871,4 miles de millóns de pesetas) significaba o 5,635% do total. Dentro deste, as estradas (450,816 miles de millóns) sumaban un 7,394%; as infraestructuras hidráulicas (134,3 miles de millóns), o 4,151%; as estruturas urbanas CC.LL. (182,8 miles de millóns) eran o 5,100%; os portos (39,9 miles de millóns), o 18,230%; e o ferrocarril (65,5 miles de millóns) supuña o 2,679% do total estatal. O total de capital público social ascendeu a 309 miles de millóns de pesetas (8,304%), dos que 218,7 miles de millóns corresponden a educación (7,711% do total estatal) e 90,3 miles de millóns (7,572%), ó stock de capital neto público da sanidade.

Pola súa banda, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 (PEDEGA) sinala entre os seus obxectivos unha mellor accesibilidade do territorio galego:

CADRO 5.1.1.

*Evolución das dotacións totais de infraestructuras productivas de Galicia 1985-1995*

|                                           | 1985  | 1986  | 1987  | 1988  | 1989  | 1990  | 1991  | 1992  | 1993  | 1994  | 1995  |
|-------------------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Galicia (1985=100)                        | 100,0 | 106,3 | 107,9 | 109,6 | 115,0 | 117,3 | 120,8 | 134,4 | 135,4 | 146,0 | 151,5 |
| Galicia/España (=100)                     | 72,2  | 77,3  | 74,3  | 72,7  | 73,3  | 69,4  | 71,4  | 76,8  | 75,1  | 78,6  | 76,3  |
| Galicia/rexión con máxima dotación (=100) | 31,3  | 36,1  | 32,0  | 32,4  | 33,5  | 30,2  | 30,4  | 32,0  | 31,5  | 32,5  | 32,1  |

Fonte: Elaboración propia a partir de Delgado, M.J. e Álvarez, I. (1999).

• *Obxectivo 2.A.- Mellora-la accesibilidade do territorio*

As accións de desenvolvemento impulsadas nos últimos anos incidiron especialmente na mellora das infraestructuras de transportes para garanti-la accesibilidade externa de Galicia. Tendo en conta o xa feito e os problemas aínda por resolver, as prioridades deste obxectivo céntranse nas seguintes accións:

- Remate da rede de autovías e vías de alta capacidade para asenta-la accesibilidade exterior.

- Mellora da rede primaria e secundaria de estradas de Galicia, para mellora-la accesibilidade interior.

- Mellora das conexións portos-redes de transporte terrestre, co obxectivo de integra-la rede intermodal de transportes, potenciando a configuración de nós e centros de servicios loxísticos.

- Mellora das redes e servicios de transporte ferroviario na liña das redes transeuropeas e os servicios de proximidade. O obxectivo é aproveitar-las posibilidades de futuro que ofrece o transporte por ferrocarril.

- Avance no desenvolvemento das telecomunicacións que garanta a incorporación de Galicia á “sociedade da información” mediante investimentos en infraestructuras e promoción do uso e desenvolvemento de novas tecnoloxías de información e comunicación.

Todas estas accións responden ó deseño dunha rede integrada que garanta os fluxos internos e externos de persoas, mercadorías e

información dun xeito fluído, rápido, fiable e eficiente.

O contido do PEDEGA fai tamén especial referencia ó transporte ferroviario: a súa modernización é un dos obxectivos intermedios dentro deste obxectivo final 2.A. Na rede ferroviaria os avances foron sensiblemente inferiores ós acadados no eido das estradas: neste caso os investimentos non se orientaron á reestructuración da rede para adecuala ás necesidades estratéxicas de Galicia, senón que se concentraron nunha serie de actuacións puntuais, deixando a un lado os problemas de fondo do ferrocarril: ausencia de vías dobres, un 70% da rede sen electrificar, sistemas de sinalización e seguridade obsoletos, un 30% das liñas con radios de curva inferiores ós 500 metros, velocidades comerciais medias de 45 Km/h.

O marco de referencia é o *Plan Decenal Ferroviario 1998-2007* da Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda) que actualiza o Plan Ferroviario de Galicia, elaborado como proposta alternativa ó Plan Director de Infraestructuras 1994-2007, e que foi aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en decembro de 1995.

O obxectivo fundamental consiste en recupera-lo atraso dos ferrocarrís en Galicia e convertelos nun medio de transporte eficiente e competitivo. O punto focal do plan é a modernización do ferrocarril que permita facer deste

modo de transporte un medio alternativo e complementario cos restantes, especialmente a estrada, e integren o sistema multimodal de transporte de Galicia.

Os obxectivos básicos deberan acompañarse da mellora dos servizos para aumentala seguridade e calidade dos mesmos e para fomentar a desconxestión dos tráfico urbanos e a potenciación do transporte colectivo e do transporte intermodal (portos, intercambiadores).

Os obxectivos fundamentais do ferrocarril en Galicia son o acurtamento dos tempos e a conexión coas redes españolas e europeas, en particular:

- O acercamento en tempo entre as poboacións intracomunitarias.
- O acercamento en tempo entre Galicia e Norte de Portugal.
- O rápido acceso ós grandes eixes ferroviarios españois e europeos a través da conexión con Madrid e Francia.

A conexión de Galicia coa meseta en alta velocidade considérase prioritaria, se ben o plan non se pronuncia sobre o trazado da saída, deixando dita elección a resultados dos criterios obxectivos que se desprendan dos oportunos estudos técnicos.

Galicia non pode renunciar –constátase no PEDEGA– a contar cunha comunicación ferroviaria en alta velocidade, a través de Medina-Valladolid, en conexión cos eixes de alta velocidade europea. Os altos investimentos precisos para salvar o paso do Guadarrama e as novas infraestruturas no tramo Madrid-Valladolid carecerían de sentido se a prolongación desta nova liña cara o noroeste non tivese unha finalidade de estrutura-lo territorio.

Galicia necesita que o ferrocarril sexa unha alternativa real de servizo público de

transporte, non xa na consideración de cercanías senón na media/longa distancia, opción que pasa inevitablemente pola alta velocidade.

• *Obxectivo intermedio 2.A.3: Modernización do ferrocarril.*

O marco de referencia operativo neste terreo constitúeno os programas de actuacións do Ministerio de Fomento e das compañías que prestan servizos ferroviarios (RENFE e FEVE) e os correspondentes convenios acordados coa Administración rexional: Plan Quincenal do Ministerio de Fomento 1998/2002, Plan de RENFE 1999/2003, Plan de FEVE 2000/2004 e Programa conxunto de actuacións do Ministerio de Fomento/RENFE 2000/2006.

### Infraestructuras de transporte terrestre

As infraestruturas de transporte adquieren un papel importante como instrumento de cohesión territorial, xa que permiten unha maior integración do espazo e unha maior accesibilidade. As infraestruturas técnicas de Galicia segundo o Anuario de 1998 do Ministerio de Fomento, recollidas nos **cadros 5.1.1. e 5.1.2.**, reflicten os seguintes datos de interese: a rede de estradas de Galicia está composta en 1998 por 17.191 quilómetros (123 máis que no ano anterior), o que significa que a comunidade galega dispón de 58 quilómetros de estradas por cada 100 km<sup>2</sup> e de 6,31 km por cada 1.000 habitantes, cifras superiores á media estatal, que son de 32 e 4,10, respectivamente.

Dos 17.191 quilómetros de rede de estradas en Galicia, a cargo do Estado están un total de 2.168 quilómetros, dos que o 27,8% (602 km) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada. Dos 15.023 quilómetros de rede a cargo dos Entes territoriais de 1998, dúas terceiras partes (9.884 km) están a cargo das Deputacións provinciais, e

CADRO 5.1.2.

Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 1997-98

(en quilómetros)

|                  | 1997             |                   |                                                                      | 1998             |                   |                                                                      |
|------------------|------------------|-------------------|----------------------------------------------------------------------|------------------|-------------------|----------------------------------------------------------------------|
|                  | Rede de estradas | A cargo do Estado | Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado | Rede de estradas | A cargo do Estado | Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado |
| Andalucía        | 24.685           | 3.142             | 1.195                                                                | 24.659           | 3.178             | 1.231                                                                |
| Aragón           | 10.111           | 2.153             | 405                                                                  | 10.138           | 2.180             | 444                                                                  |
| Asturias         | 4.774            | 688               | 151                                                                  | 4.811            | 689               | 152                                                                  |
| Baleares         | 2.194            | -                 | -                                                                    | 2.199            | -                 | -                                                                    |
| Canarias         | 4.326            | -                 | -                                                                    | 4.296            | -                 | -                                                                    |
| Cantabria        | 2.581            | 548               | 121                                                                  | 2.591            | 558               | 130                                                                  |
| Castela-A Mancha | 18.480           | 3.323             | 817                                                                  | 18.564           | 3.354             | 852                                                                  |
| Castela e León   | 32.556           | 4.563             | 847                                                                  | 32.793           | 4.767             | 1.060                                                                |
| Cataluña         | 11.936           | 1.913             | 717                                                                  | 11.988           | 1.928             | 741                                                                  |
| C. Valenciana    | 8.409            | 1.814             | 800                                                                  | 8.421            | 1.813             | 839                                                                  |
| Extremadura      | 8.786            | 1.339             | 267                                                                  | 8.739            | 1.357             | 267                                                                  |
| <b>Galicia</b>   | <b>17.068</b>    | <b>2.064</b>      | <b>494</b>                                                           | <b>17.191</b>    | <b>2.168</b>      | <b>602</b>                                                           |
| Madrid           | 3.358            | 594               | 482                                                                  | 3.365            | 594               | 482                                                                  |
| Murcia           | 3.571            | 575               | 253                                                                  | 3.539            | 575               | 253                                                                  |
| Navarra          | 3.766            | 39                | 39                                                                   | 3.781            | 39                | 39                                                                   |
| País Vasco       | 4.339            | 200               | 196                                                                  | 4.331            | 200               | 196                                                                  |
| A Ríoxa          | 1.795            | 417               | 135                                                                  | 1.809            | 417               | 135                                                                  |
| Ceuta e Melilla  | 60               | 25                | -                                                                    | 58               | 25                | -                                                                    |
| <b>Total</b>     | <b>162.795</b>   | <b>23.397</b>     | <b>6.919</b>                                                         | <b>163.273</b>   | <b>23.842</b>     | <b>7.423</b>                                                         |

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.3.

Índices da rede nacional de estradas 1997-98 <sup>(1)</sup>

|                  | 1997                         |                                |                             |                                      | 1998                         |                                |                             |                                      |
|------------------|------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|--------------------------------------|------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|--------------------------------------|
|                  | Rede total/km2 de superficie | Rede total/1000 habitantes (2) | Vehículos parque/rede total | Vehículos parque/1000 habitantes (2) | Rede total/km2 de superficie | Rede total/1000 habitantes (2) | Vehículos parque/rede total | Vehículos parque/1000 habitantes (2) |
| Andalucía        | 0,28                         | 3,42                           | 127,31                      | 435,49                               | 0,28                         | 3,41                           | 134,18                      | 457,24                               |
| Aragón           | 0,21                         | 8,51                           | 55,10                       | 469,11                               | 0,21                         | 8,57                           | 57,29                       | 490,89                               |
| Asturias         | 0,45                         | 4,39                           | 96,59                       | 423,69                               | 0,45                         | 4,45                           | 98,97                       | 440,13                               |
| Baleares         | 0,44                         | 2,89                           | 276,54                      | 797,93                               | 0,44                         | 2,76                           | 292,25                      | 806,86                               |
| Canarias         | 0,58                         | 2,69                           | 219,36                      | 590,69                               | 0,58                         | 2,64                           | 235,18                      | 619,82                               |
| Cantabria        | 0,49                         | 4,89                           | 92,11                       | 450,72                               | 0,49                         | 4,92                           | 96,54                       | 474,53                               |
| Castela-A Mancha | 0,23                         | 10,79                          | 42,32                       | 456,65                               | 0,23                         | 10,82                          | 44,20                       | 478,16                               |
| Castela e León   | 0,35                         | 12,98                          | 34,70                       | 450,36                               | 0,35                         | 13,20                          | 35,98                       | 474,88                               |
| Cataluña         | 0,37                         | 1,96                           | 299,03                      | 596,08                               | 0,37                         | 1,95                           | 311,18                      | 606,81                               |
| C. Valenciana    | 0,36                         | 2,10                           | 260,26                      | 545,87                               | 0,36                         | 2,09                           | 274,03                      | 573,53                               |
| Extremadura      | 0,21                         | 8,21                           | 50,93                       | 418,12                               | 0,21                         | 8,17                           | 53,68                       | 438,67                               |
| <b>Galicia</b>   | <b>0,58</b>                  | <b>6,22</b>                    | <b>74,74</b>                | <b>464,96</b>                        | <b>0,58</b>                  | <b>6,31</b>                    | <b>77,42</b>                | <b>488,47</b>                        |
| Madrid           | 0,42                         | 0,67                           | 876,57                      | 586,09                               | 0,42                         | 0,66                           | 921,84                      | 609,27                               |
| Murcia           | 0,32                         | 3,25                           | 158,99                      | 517,45                               | 0,32                         | 3,17                           | 170,00                      | 539,55                               |
| Navarra          | 0,39                         | 7,23                           | 77,16                       | 558,21                               | 0,39                         | 7,12                           | 80,94                       | 576,53                               |
| País Vasco       | 0,61                         | 2,07                           | 216,25                      | 447,23                               | 0,61                         | 2,06                           | 226,30                      | 467,01                               |
| A Ríoxa          | 0,36                         | 6,78                           | 69,94                       | 473,86                               | 0,36                         | 6,86                           | 72,91                       | 500,30                               |
| <b>Total</b>     | <b>0,32</b>                  | <b>4,11</b>                    | <b>124,61</b>               | <b>511,60</b>                        | <b>0,32</b>                  | <b>4,10</b>                    | <b>130,50</b>               | <b>534,63</b>                        |

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación de dereito, rectificación do Padrón Municipal de habitantes a 1-5-96

Fonte: Ministerio de Fomento

## Investimentos medios na rede de estradas nas CC.AA. 1994-98 (1)

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos  
(2) calculada a partir dos datos da Rectificación do Padrón a 1.-1.-1995

Fonte: *Ministerio de Fomento*

CADRO 5.1.5.

*Proxecto de investimentos das Direccións Xerais  
de Obras Públicas e de Transportes 1998-99*

|       |                                                      | (en miles de pesetas) |            | (%)   |
|-------|------------------------------------------------------|-----------------------|------------|-------|
| 413 A | Ordenación e inspección do transporte terrestre      | 1998                  | 1999       | 99/98 |
| 600   | Infraestrutura e melloras de accesos                 | 137.000               | 117.438    | -14,3 |
| 623   | Maquinaria, instalacións e utensilios                | 14.000                | 16.000     | 14,3  |
| 625   | Mobiliario e utensilios                              | -                     | 12.000     | -     |
| 634   | Material de transporte                               | 8.000                 | -          | -     |
| 640   | Gastos en investimentos de carácter inmaterial       | 41.000                | 95.562     | 133,1 |
| 413 B | Construcción, conservación e explotación de estradas | 1998                  | 1999       | 99/98 |
| 600   | Infraestrutura e melloras de accesos                 | 8.860.690             | 13.600.673 | 53,5  |
| 610   | Infraestructuras e melloras de accesos               | 2.900.000             | 2.280.098  | -21,4 |
| 623   | Maquinaria, instalacións e utensilios                | 50.000                | 50.000     | -     |
| 625   | Mobiliario e útiles                                  | 10.000                | 10.000     | -     |
| 626   | Equipos para proceso de información                  | 10.000                | 10.000     | -     |
| 640   | Gastos en investimentos de carácter inmaterial       | 265.185               | 250.000    | -5,7  |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 5.1.6.

*Investimentos en estradas, portos e obras hidráulicas da CPTOPV 1998-99*

| Organismo                    | Concepto                                  | 1998                    | 1999          | 99/98       |
|------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------|---------------|-------------|
|                              |                                           | (en millóns de pesetas) |               | (%)         |
| D.X. Obras Públicas          | Estrada (413 B, 600, 610)                 | 11.761                  | 15.880        | 35,0        |
| Portos de Galicia            | Portos (presuposto de capital)            | 3.266                   | 3.267         | 0,0         |
| Augas de Galicia             | Obras hidráulicas (Cap. VI)               | 16.142                  | 10.895        | -32,5       |
| Obras e Servizos Hidráulicos | Obras hidráulicas (presuposto de capital) | 20                      | 20            | 0,0         |
| <b>Total</b>                 |                                           | <b>31.189</b>           | <b>30.062</b> | <b>-3,6</b> |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

5.098 están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ó **investimento medio** na rede de estradas no período 1994-98, **cadro 5.1.4.**, Galicia é a segunda comunidade na que máis se inviste por habitante, detrás de Cantabria, con 30,8 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes, cando a media estatal é de 17,1 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes. Se a comparación se fai atendendo ó investimento por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 4,9 millóns de pesetas/km (a media estatal de 4,2 millóns no mesmo período).

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 1999 recóllense os principais programas das Direccións Xerais de Obras

Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.5.** O investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 16.200,8 millóns de pesetas, un 33,9% máis que o presupostado para o ano anterior.

O **cadro 5.1.6.** recolle a evolución do investimento realizado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en estradas, portos e obras hidráulicas. Nel apréciase que a diminución do investimento é debida ó descenso do mesmo en Augas de Galicia (5.247 millóns de pesetas), que supera ó crecemento do total investido pola D.X. de Obras Públicas en 1999 (4.119 millóns de pesetas).

No que ó **investimento no ferrocarril** se refire, Renfe investiu en Galicia un total de

CADRO 5.1.7.

**Investimentos de Renfe 1998-99: distribución por destino do investimento**

1998

(en millóns de pesetas)

|                               | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias provincias | Total (1) |
|-------------------------------|----------|------|---------|------------|-------------------|-----------|
| Mantemento de infraestruturas | 266      | 289  | 306     | 189        |                   | 1.050     |
| Circulación                   | 164      | 23   | 8       | 74         |                   | 269       |
| Pasos a nivel                 | 7        | 4    | -       | -          |                   | 11        |
| Rexionais                     | 13       | -    | -       | -          |                   | 13        |
| Transporte combinado          | 2        | -    | -       | -          |                   | 2         |
| Estacións comerciais          | 17       | -    | 16      | 1          |                   | 34        |
| Cargas                        | -        | 3    | 1       | 3          |                   | 7         |
| Mantemento integral de trens  | -        | -    | -       | 3          |                   | 3         |
| Patrimonio e urbanismo        | -        | -    | 1       | 4          |                   | 5         |
| Total                         |          |      | 5       | 121        |                   | 126       |
|                               | 469      | 323  | 337     | 395        | 269               | 1.793     |

1999

|                                       | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Varias provincias | Total (1) |
|---------------------------------------|----------|------|---------|------------|-------------------|-----------|
| Mantemento de infraestruturas         | 120      | 208  | 307     | 161        | 88                | 883       |
| Circulación                           | 55       | 3    | 9       | 35         | 12                | 115       |
| Dirección de proxectos e coordinación | 220      | -    | 52      | 11         | -                 | 284       |
| Rexionais                             | 4        | -    | -       | -          | -                 | 4         |
| Transporte combinado                  | 17       | -    | -       | -          | -                 | 17        |
| Estacións comerciais                  | 29       | 6    | 8       | 150        | -                 | 192       |
| Cargas                                | -        | -    | -       | 2          | -                 | 2         |
| Tracción                              | -        | -    | -       | -          | -                 | -         |
| Mantemento integral de trens          | -        | -    | 1       | 3          | -                 | 4         |
| Direccións corporativas               | 1        | -    | -       | -          | -                 | 1         |
| Patrimonio e urbanismo                | 34       | 3    | 59      | 103        | -                 | 199       |
| Total                                 | 480      | 220  | 436     | 465        | 100               | 1.701     |

(1) total= investimentos en cada provincia + investimentos destinados a varias provincias á vez  
Fonte: Renfe

CADRO 5.1.8.

**Investimentos totais de Renfe 1998-99**

|                   | 1998                    | 1999  | 99/98 |
|-------------------|-------------------------|-------|-------|
|                   | (en millóns de pesetas) |       | (%)   |
| A Coruña          | 469                     | 480   | 2,4   |
| Lugo              | 323                     | 220   | -32,0 |
| Ourense           | 337                     | 436   | 29,4  |
| Pontevedra        | 395                     | 465   | 17,8  |
| Varias provincias | 269                     | 100   | -62,9 |
| Total             | 1.793                   | 1.701 | -5,1  |

Fonte: Renfe

1.701 millóns de pesetas en 1999, o que supuxo unha diminución do 92 millóns no total investido. Un 51,9% desta cantidade (883 millóns de pesetas) adicouse ó mantemento de infraestruturas e un 16,7% (284 millóns) a proxectos e

coordinación co Ministerio de Fomento, segundo os datos recollidos no **cadro 5.1.7.**

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 5.1.8.** reflicte, ó igual que acontecía no

CADRO 5.1.9.

*Investimentos de FEVE en Galicia 1997-99*

|                       | 1997                  | 1998           | 1999 (1)       | 99/98        |
|-----------------------|-----------------------|----------------|----------------|--------------|
|                       | (en miles de pesetas) |                |                | (%)          |
| <b>A Coruña</b>       | 45.614                | 2.333          | 14.483         | 520,8        |
| <b>Lugo</b>           | 256.668               | 147.975        | 71.759         | -51,5        |
| <b>Sen distribuír</b> | -                     | 96.653         | 77.743         | -19,6        |
| <b>Galicia</b>        | <b>302.282</b>        | <b>246.961</b> | <b>163.985</b> | <b>-33,6</b> |

(1) datos provisionais

Fonte: FEVE

CADRO 5.1.10.

*Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 1998-99*

|                   | 1998                 | 1999                 | 99/98       |
|-------------------|----------------------|----------------------|-------------|
|                   | (en pesetas)         |                      | (%)         |
| <b>A Coruña</b>   | 850.893.508          | 1.238.696.086        | 45,6        |
| <b>Lugo</b>       | 557.883.493          | 631.858.181          | 13,3        |
| <b>Pontevedra</b> | 1.980.200.419        | 1.490.304.749        | -24,7       |
| <b>Total</b>      | <b>3.388.977.420</b> | <b>3.360.859.016</b> | <b>-0,8</b> |

Fonte: Portos de Galicia

ano anterior, un descenso do investimento na provincia de Lugo (32% menos), en tanto que nas outras tres provincias produciuse un aumento do mesmo.

No caso das **infraestructuras ferroviarias**, no ano 1999 había en Galicia un total de 136 estacións, mentres o número de quilómetros de vía ascendía a 890,6 km. En relación ó número de pasos a nivel existentes na comunidade autónoma, éste ascendeu a 411 pasos a nivel, 5 menos que no ano anterior.

Finalmente, en desenvolvemento dos convenios asinados con Ministerio de Fomento e Renfe (30.000 millóns de pesetas cada un deles), as licitacións adxudicadas ou en trámite (a xullo de 1999) sumaban un importe total de 7.215 millóns de pesetas, dos que 258 millóns corresponderon ó estudo para a chegada da alta velocidade a Galicia.

O investimento de FEVE en Galicia ascendeu en 1999 a 164 millóns de pesetas, dos

que 71,8 corresponden á provincia de Lugo e 14,5 millóns, á de A Coruña. O resto do investimento está sen distribuír (**cadro 5.1.9.**).

Comparado co ano anterior, o investimento total descende un 33,6% (83 millóns de pesetas menos) por mor do descenso do investimento na provincia de Lugo en 76,2 millóns de pesetas (51,5% menos) e da contía “sen distribuír”, que descende un 19,6% (18,9 millóns). Pola contra, o investimento de FEVE na provincia de A Coruña experimenta un crecemento, pasando dos 2,3 millóns de 1995 ós 14,5 millóns de pesetas de 1999.

### Infraestructuras portuarias y aeroportuarias

O investimento en **infraestructuras portuarias** en Galicia ascendeu a 8.734 millóns de pesetas en 1998, dos que 5.345 millóns (o 9,13% do total investido pola Administración central nos portos do Estado nese ano) corresponden ó investimento nos sete portos de inte-

CADRO 5.1.11.

*Investimentos en infraestructuras aeroportuarias 1998-99*

(en millóns de pesetas)

|                           | 1998         | 1999         | Total 1994 - 1999 |
|---------------------------|--------------|--------------|-------------------|
| A Coruña                  | 490,2        | 118,8        | 2.680,1           |
| Santiago                  | 283,6        | 462,9        | 2.922,9           |
| Vigo                      | 126,7        | 90,8         | 3.025,7           |
| <b>Total</b>              | <b>900,5</b> | <b>672,5</b> | <b>8.628,7</b>    |
| Total aeroportos españois |              | 68.225,0     | 325.098,0         |
| G/E (%)                   |              | 0,99         | 2,65              |

Fonte: AENA

rese xeral. A contía investida nos portos da Comunidade galega en 1999 ascendeu a 3.361 millóns de pesetas, un 0,8% menos que en 1998.

• **Portos de interese xeral do Estado.-** O investimento nos sete portos galegos de interese xeral ascendeu a 5.345 millóns de pesetas en 1998, un 10,6% menos que no ano anterior, cando se investiu un total de 5.978 millóns de pesetas. O porto de Vigo recibiu un total de 2.271 millóns de pesetas en 1998 (un 1,5% menos que en 1997), seguido do porto de A Coruña, con 1.675 millóns (un 19,2% menos). Entre ámbolos dous recibiron o 73,8% do investimento total en 1998

• **Portos da Comunidade Autónoma.-** O resto dos portos de Galicia investiron nas infraestructuras portuarias un total de 3.361 millóns de pesetas, un 0,8% (28,1 millóns de pesetas) menos que en 1998. Como amosa o **cadro 5.1.10.**, o descenso no investimento nos portos de Pontevedra (489,9 millóns de pesetas) é compensado polo crecemento do investimento en A Coruña (un 45,6%, é dicir, 387,8 millóns de pesetas) e Lugo (74 millóns) respecto ó ano anterior.

Atendendo ó destino final do investimento, en 1999, as principais partidas son as referidas ás obras de atraque, con 1.619,3 millóns de pesetas (o 48,2%), as obras relativas ós pavi-

mentos, calzadas e vías de circulación, con 593,5 millóns (o 17,7%), e as obras de edificación, con 586,8 millóns (o 17,5%).

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, o **cadro 5.1.11.** reflicte que o peso relativo do investimento aeroportuario galego no total dos investimentos españois nos últimos anos foi dun 2,7%, sendo para o ano 1999 do 1%.

O investimento total nos aeroportos galegos decrece desde 1994, ano en que o investimento nas infraestructuras acadou o seu máximo nivel. Así, o investimento decrece un 25,3% respecto ó ano anterior para situarse nos 672,5 millóns de pesetas investidos en 1999.

Concretando no ano 1999, o aeroporto de Santiago foi o que máis investimentos recibiu, cun total de 462,9 millóns de pesetas (o 68,8% do total investido nos aeroportos galegos en 1999). O aeroporto de A Coruña investiu un total de 118,8 millóns de pesetas, o 17,7% do total investido nos aeroportos galegos en 1999. Finalmente, o aeroporto de Vigo investiu un total de 90,8 millóns de pesetas, é dicir, o 13,5% do total investido en 1999.

### Infraestructuras hidráulicas

En materia de infraestructuras hidráulicas, o **cadro 5.1.12.** reflicte os diferentes tipos de obra levadas a cabo por Augas de Galicia nos

CADRO 5.1.12.

**Investimentos de Augas de Galicia 1998-99: distribución por tipo de obra**

(en millóns de pesetas)

|                                                                      | 1998          | 1999          | 98/97        |
|----------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|--------------|
|                                                                      |               |               | (%)          |
| Redes de saneamento                                                  | 7.689         | 6.272         | -18,4        |
| Estacións depuradoras de augas residuais                             | 4.038         | 692           | -82,9        |
| Captacións, construción de depósitos e redes de distribución de auga | 1.598         | 2.062         | 29,0         |
| Presas, recrementos e melloras                                       | 498           | 511           | 2,6          |
| Estacións de tratamentos de auga potable                             | 358           | 214           | -40,2        |
| Encauzamentos e defensas de avenidas                                 | 1.746         | 773           | -55,7        |
| <b>Total</b>                                                         | <b>15.927</b> | <b>10.524</b> | <b>-33,9</b> |

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

dous últimos anos. En 1999, o investimento ascendeu a 10.524 millóns de pesetas, un 33,9% inferior ó investido no ano anterior.

Desagregando este investimento total, salienta o apartado adicado ás redes de saneamento, que acolle o 59,6% do total investido (6.272 millóns de pesetas), seguíndolle en importancia o investimento en “captacións, construción de depósitos e redes de distribución de auga” con 2.062 millóns (19,6% do total).

### Parques tecnolóxicos e empresariais

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira ou sectores da automoción, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

O **cadro 5.1.13.** presenta unha comparación entre as diferentes características dos parques tecnolóxicos españois segundo a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España. Tal e como reflicte este cadro, o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG), ubicado en San Cibrao de Viñas, é un dos que menos superficie total ten e tamén un dos máis baratos, con 7.500 pesetas por metro cadrado, superado por Asturias e Boecillo.

Respecto ás empresas instaladas e ó sector ó que pertencen, **cadro 5.1.14.**, en 1998 había un total de 21 empresas, sendo o sector industrial quen máis empresas acollía, con 3, seguido do sector da agroindustria, téxtil e enxeñería, con 2 empresas.

En 1998, a distribución do capital social do PTG non variou: a Xunta de Galicia segue a ter a maior participación, co 49%, seguida da Deputación de Ourense, co 21%.

Ó carón destes parques tecnolóxicos, o “Estudio dos parques empresariais de Galicia e o Norte de Portugal”, publicado por Ardán no ano 1999, indica que en marzo de 1998 había en Galicia un total de 55 parques empresariais en funcionamento. A superficie total ascendía a 2.494 hectáreas, das que o 64% (1.600 ha.) eran de uso industrial e tiñan un grao de ocupación do 74%.

Os prezos do solo nestes parques van desde as 20.667 ptas./m<sup>2</sup> do Pocomaco (A Coruña) ata as 500 ptas./m<sup>2</sup> de Agolada (Pontevedra), cun prezo medio que acada as 5.045 ptas./m<sup>2</sup>.

En marzo de 1998 estaban en construción outros 12 parques, 20 atopábanse en fase de proxecto e 37 en estudio, o que suporá unha superficie total de 4.378 hectáreas (**cadro 5.1.16.**).

CADRO 5.1.13.

**Parques tecnológicos en España 1998**

|                   | superficie total      | superficie parcelas                                         | parcelas | prezos venda          |
|-------------------|-----------------------|-------------------------------------------------------------|----------|-----------------------|
|                   | (m <sup>2</sup> 1000) |                                                             |          | (pts/m <sup>2</sup> ) |
| Alava             | 1.172                 | 585                                                         |          |                       |
| Alicante          | 1.300                 | en fase previa de recalificación e ordenación da superficie |          |                       |
| Andalucía         | 1.685                 | 781                                                         | variable | 12.201                |
| Asturias          | 610                   | 200                                                         | 50       | 5.500                 |
| Barcelona         | 50                    |                                                             |          |                       |
| Boecillo          | 450                   | variable                                                    | 56       | 6.000                 |
| Galicia           | 514                   | 280                                                         | 70       | 7.500                 |
| Gijón             | 220                   | 50                                                          | 31       | 15.000                |
| León              |                       | sen datos                                                   |          |                       |
| País Vasco        | 1.876                 | 699                                                         | 27       | 12.000                |
| Palma de Mallorca | 1.400                 | 269                                                         | 55       |                       |
| San Sebastián     |                       | sen datos                                                   |          |                       |
| Sevilla           | 459                   |                                                             |          |                       |
| Univ. Alcalá      |                       | sen datos                                                   |          |                       |
| Vallés            | 581                   | 183                                                         | 26       | 22.000                |
| Vigo              |                       | en tramitación urbanística                                  |          |                       |

Fonte: Asociación de Parques Tecnológicos de España

CADRO 5.1.14.

**Empresas instaladas no Parque Tecnológico de Galicia a 31-12-1998**

| Actividade                    | Empresas                    | Plantilla | Superficie ocupada<br>(m <sup>2</sup> ) |
|-------------------------------|-----------------------------|-----------|-----------------------------------------|
| <b>Agroindustria</b>          | Coren CTI                   | 35        | 11.500,0                                |
|                               | Coren I+D                   | 9         | 279,8                                   |
| <b>Docencia</b>               | Universidade de Vigo        | 2         | 29,8                                    |
| <b>Enxeñería</b>              | Akrom Ingenieros            | 4         | 25,3                                    |
|                               | Corcontrol S.A.             | 7         | 142,8                                   |
| <b>Forestal</b>               | CIS-Madera                  | 12        | 224,2                                   |
| <b>Industrial</b>             | Aukor                       | 4         | 36,2                                    |
|                               | Pazos M.I., S.L.            | 2         | 20,0                                    |
|                               | Metrologia                  | 14        | 443,2                                   |
| <b>Infografía</b>             | Desinor, S.L.               | 2         | 23,7                                    |
| <b>Informática</b>            | AICA                        | 2         | 22,5                                    |
| <b>Materiais avanzados</b>    | UMA Ibérica, S.A.           | 8         | 4.217,8                                 |
| <b>Metroloxía legal</b>       | Lab. Industria              | 2         | 50,9                                    |
| <b>Químico</b>                | Dufralit, S.L.              | 8         | 41,3                                    |
| <b>Relacións Iberoamérica</b> | Programa Bolívar            | 1         | 24,0                                    |
| <b>Sanitario</b>              | Masse-CROM, S.L.            | 2         | 46,8                                    |
| <b>Servicios</b>              | Coren RRHH                  | 2         | 42,8                                    |
| <b>Telecomunicacións</b>      | Egatel                      | 32        | 399,8                                   |
| <b>Telemática</b>             | Sistemas de Compresión S.L. | 4         | 52,5                                    |
| <b>Téxtil</b>                 | Adolfo Domínguez S.A.       | 8         | 59,2                                    |
|                               | Plural, Diseño y Moda, S.L. | 2         | 20,0                                    |

Fonte: Parque Tecnológico de Galicia

CADRO 5.1.15.

**Parques empresariais en funcionamento en Galicia 1998**

(en ptas/m<sup>2</sup>)

|                   | Número | Superficie<br>(en Ha) | Grao<br>ocupación<br>(%) | Intervalos de prezos |       |                              |
|-------------------|--------|-----------------------|--------------------------|----------------------|-------|------------------------------|
|                   |        |                       |                          | máximo               | medio | mínimo                       |
| A Coruña          | 19     | 1.268                 | 75                       | 20.667               | 6.535 | 3.783                        |
| Lugo              | 13     | 238                   | 59                       | 7.972                | 4.110 | 2.560                        |
| Ourense           | 6      | 393                   | 86                       | 4.767                | 3.618 | 640                          |
| Pontevedra        | 17     | 595                   | 71                       | 9.200                | 4.675 | 500                          |
| Galicia           | 55     | 2.494                 | 74                       | 20.667               | 5.045 | 500                          |
|                   |        | (en m <sup>2</sup> )  |                          |                      |       | (en escudos/m <sup>2</sup> ) |
| Norte de Portugal | 31     | 7.402.520             |                          | 8.500                |       | 1.000                        |

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

CADRO 5.1.16.

**Parques empresariais 1998**

|               | Número de parques |           |           |            |            | Superficie total |            |                |            |              |
|---------------|-------------------|-----------|-----------|------------|------------|------------------|------------|----------------|------------|--------------|
|               | A Coruña          | Lugo      | Ourense   | Pontevedra | Galicia    | A Coruña         | Lugo       | Ourense        | Pontevedra | Galicia      |
|               |                   |           |           |            |            |                  |            | (en hectáreas) |            |              |
| Funcionamento | 19                | 13        | 6         | 17         | 55         | 1.268            | 238        | 393            | 595        | 2.494        |
| Construcción  | 4                 | 4         | 2         | 2          | 12         | 155              | 55         | 105            | 21         | 336          |
| Proxecto      | 9                 | 1         | 6         | 4          | 20         | 430              | 18         | 136            | 253        | 837          |
| Estudio       | 6                 | 15        | 11        | 5          | 37         | 215              | 275        | 132            | 89         | 711          |
| <b>Total</b>  | <b>38</b>         | <b>33</b> | <b>25</b> | <b>28</b>  | <b>124</b> | <b>2.068</b>     | <b>586</b> | <b>766</b>     | <b>958</b> | <b>4.378</b> |

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

CADRO 5.1.17.

**Características dos parques empresariais galegos segundo a entidade xestora**

|                       | Número | Superficie<br>(%) | Tamaño<br>medio<br>(en hectáreas) | Grao de<br>ocupación<br>(%) | Prezo<br>medio<br>(en ptas/m <sup>2</sup> ) |
|-----------------------|--------|-------------------|-----------------------------------|-----------------------------|---------------------------------------------|
| Concellos             | 9      | 5                 | 51                                | 87                          | 7.524                                       |
| IGVS-Xestur           | 21     | 14                | 18                                | (1)                         | (2)                                         |
| Privados              | 4      | 4                 | 60                                | 96                          | 8.893                                       |
| SEPES                 | 10     | 34                | 84                                | 74                          | 5.519                                       |
| SIGALSA               | 6      | 7                 | 26                                | (1)                         | (2)                                         |
| Zona Franca           | 3      | 8                 | 57                                | 79                          | 9.200                                       |
| Entidades financeiras | 1      | 14                |                                   | 98                          |                                             |
| Deputacións           | 1      | 14                |                                   | 92                          |                                             |

(1) o grao de ocupación dos parques empresariais xestionados pola Administración autonómica (IGVS-Xestur e SIGALSA) é do 63%

(2) o prezo medio dos parques empresariais xestionados pola Administración autonómica é de 5.060 ptas/m<sup>2</sup>

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

CADRO 5.1.18.

Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur 1999

|                           | Superficie total<br>(m <sup>2</sup> ) | Superficie comercial | Parcelas | Superficie das parcelas<br>(m <sup>2</sup> ) |
|---------------------------|---------------------------------------|----------------------|----------|----------------------------------------------|
| <b>A Coruña</b>           |                                       |                      |          |                                              |
| Arzúa                     | 38.825                                | 32.000               | 19       | de 600 a 6.000                               |
| Melide                    | 111.778                               | 48.327               | 49       | de 625 a 3.275                               |
| Somozas                   | 325.953                               | 215.134              | 9        | de 15.000 a 77.000                           |
| Ordes                     | 71.877                                | 52.665               | 33       | de 907 a 3.341                               |
| Ponteceso                 | 59.748                                | 36.793               | 72       | de 300 a 1.129                               |
| Ribeira-Xaras             | 123.000                               | 80.365               | 47       | de 500 a 10.500                              |
| <b>Lugo</b>               |                                       |                      |          |                                              |
| Meira                     | 75.708                                | 48.800               | 34       | de 445 a 20.744                              |
| Cervo                     | 116.958                               | 46.079               | 25       | de 408 a 3.989                               |
| Castro de Ribeiras de Lea | 42.399                                | 24.860               | 31       | de 522 a 2.494                               |
| Vilalba                   | 272.136                               | 199.810              | 102      | de 510 a 13.226                              |
| Bóveda                    | 37.694                                | 26.388               | 30       | de 666 a 1.280                               |
| A Pontenova               | 60.876                                | 37.192               | 44       | de 224 a 1.842                               |
| INF (fase 1ª)             | 120.674                               | 74.339               | 67       | de 563 a 4.608                               |
| Pastoriza                 | 44.190                                | 29.880               | 67       | de 563 a 4.608                               |
| <b>Ourense</b>            |                                       |                      |          |                                              |
| Pereiro de Aguiar         | 148.552                               | 99.674               | 45       | de 999 a 7.547                               |
| O Carballiño (1)          | 116.241                               | 73.533               | 40       | de 820 a 8.000                               |
| Xinzo de Limia            | 133.971                               | 78.086               | 36       | de 1.036 a 3.218                             |
| <b>Pontevedra</b>         |                                       |                      |          |                                              |
| Lalín                     | 307.734                               | 179.920              | 105      | de 968 a 23.066                              |
| Pontevedra                | 343.291                               | 216.411              | 87       | de 856 a 7.142                               |
| Silleda                   | 101.230                               | 73.059               | 44       | de 858 a 7.531                               |
| Vilagarcía                | 61.991                                | 35.186               | 30       | de 610 a 1.448                               |
| Bueu                      | 66.016                                | 38.076               | 12       | de 1.217 a 8.240                             |

(1) datos correspondentes a 1998  
Fonte: IGVS

CADRO 5.1.19.

Investimentos de Sepes 1997-99

|                             |                       | (en millóns de pesetas) |              |              |                |
|-----------------------------|-----------------------|-------------------------|--------------|--------------|----------------|
| Municipio                   | Actuación             | 1997                    | 1998         | 1999         | Total          |
| <b>A Coruña</b>             |                       |                         |              |              |                |
| A Coruña                    | Bens                  | 1,0                     | 1,5          |              | 2,9            |
|                             | Lugar de Vio          | 0,1                     | 25,9         |              | 57,4           |
| Bergondo                    | Bergondo              | 5,5                     | 60,8         | 5,5          | 75,7           |
|                             | Longueira             |                         | 1,2          |              | 1,2            |
| Santiago                    | Boisaca (PAU 34)      | 531,8                   | 45,8         | 4,1          | 581,7          |
|                             | Tambre-Naves          | 0,4                     | 1,8          |              | 2,2            |
| Curtis                      | Curtis-Teixeiro       | 14,1                    | 15,8         | 18,8         | 91,0           |
| Ferrol                      | Ensenada Gandara      | 0,3                     | 0,9          |              | 4,1            |
| Cambre                      | Espíritu Santo        | 0,6                     | 5,5          | 24,4         | 112,1          |
| Narón                       | La Boyeira            | 7,4                     | 6,4          | 19,4         | 36,7           |
|                             | Rio do Pozo           | 3,4                     | 16,6         |              | 21,9           |
| Fene                        | Vilar do Colo 1ª fase | 176,3                   | 340,9        | 16,8         | 580,9          |
|                             | Vilar do Colo 2ª fase |                         |              | 13,2         |                |
| Pobra do Caramiñal          | A Tomada              | 1,3                     |              | 1,2          | 30,8           |
| Carral                      | Os Capelos            | 100,9                   | 3,2          | 127,1        | 271,1          |
| <b>Lugo</b>                 |                       |                         |              |              |                |
| Lugo                        | O Ceao                |                         |              |              | 1,5            |
| Sarria                      | Morelle               | 40,3                    | 90,7         | 31,2         | 355,2          |
| <b>Pontevedra</b>           |                       |                         |              |              |                |
| O Porriño                   | As Gándaras           |                         |              | 79,6         | 79,6           |
| <b>Outros investimentos</b> |                       |                         |              | 1,4          | 1,4            |
| <b>Total</b>                |                       | <b>882,3</b>            | <b>615,5</b> | <b>342,7</b> | <b>2.317,6</b> |

Fonte: Sociedad Estatal de Promoción y Equipamiento de Suelo

O **cadro 5.1.17.** reflicte as principais características dos parques empresariais segundo a entidade xestora (marzo 98) atendendo ós indicadores de número de parques, superficie, tamaño medio das parcelas, grao de ocupación e prezo medio.

En 1999 hai en Galicia un total de 22 parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 1.029 parcelas e unha superficie comercial de 2.154.951 metros cadrados. O **cadro 5.1.18.** recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias. Os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial son os de Pontevedra e Lalín, na provincia de Pontevedra; Somozas, en A Coruña; e Vilalba, en Lugo.

Finalmente, a Sepes realizou en 1999 uns investimentos por un valor de 342,7 millóns de pesetas, fronte ós 615,4 millóns do ano anterior. Como reflicte o **cadro 5.1.19.**, a meirande parte dos investimentos, o 67,3%, realizouse na provincia de A Coruña, mentres un 9,1% investiu-se en Lugo e un 3,2%, en Pontevedra. ■